

38.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12 DE SETEMBRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 37/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2016.

Quedou pendente a súa aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para instalación de explotación de caprino de carne en extensivo na parcela sita en Catasós - Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 8 de agosto de 2016, cos efectos e con suxeición ás condicións xenéricas e específicas que se indican, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 05/09/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.009,50 euros.

3.- LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA.

4.1.- Acordouse a **eficacia DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para acometida de gas na rúa Principal, 10 - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 29/06/16, cos efectos e con suxeición ás condicións xenéricas e específicas que se indican, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 14/07/16 por importe de de 8,10 euros en concepto de ICIO. Tamén consta a constitución de aval, na Tesourería Municipal, por importe de 270 €.

5.- INFORMES URBANÍSTICOS.

5.1.- Acordouse **aprobar o informe técnico municipal de data 30/08/16**, sobre viabilidade urbanística dun local para implantación dun taller de mecánica rápida no centro comercial Deza-Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 31/08/2016 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

5.2.- Acordouse **aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal de data 26 de agosto de 2016**, en relación coa solicitude de certificado de non ter traída municipal de auga en Camiño Real – Campo – Bermés – Lalín.

5.3.- Acodouse **aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal de data 8 de setembro de 2016** en relación coa petición de información dos servizos urbanísticos cos que conta unha parcela no lugar de As Queimadas – Lalín.

6.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

6.1.- Acordouse **aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Cultural Virxe das Dores** de Lalín para a celebración das Festas Patronais de Lalín 2016.

7.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse autorizar as solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador, así como a formalización dos correspondentes contratos:

7.1.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Avda de Botos, núm. 11, parroquia de Botos, Lalín.

7.2.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Garda Civil, núm. 4, baixo, Lalín.

7.3.- Contrato de auga e contrato de saneamento na Praza de Galicia, núm. 7, B, 3º D, Lalín.

8.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

8.1.- Acordouse aprobar a **certificación de obra** núm. 1 e final da obra “CUBRICIÓN DOS CASETONS DA GARDERÍA INTANTIL PONTIÑAS LALÍN” presentada pola entidade METALBO LALIN, S.L, redactada polo Arquitecto Técnico Municipal cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 7.128,74 €. Así mesmo aprobouse a acta de recepción.

9.- FACTURAS E CONTAS.

9.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono a relación de facturas núm. 00109 por importe de 82.540,98 €.

10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

10.1.- Acordouse proceder á **devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de 2.400,00 €** como garantía para responder das obras de “Reparación no edificio sito na rúa Areal, núm. 69”, constando no expediente informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 2 de setembro de 2016.

11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse a concesión das prazas de aparcamento, en cumprimento

do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande, números: 14, 20, 346, 19, 2, 21, 365 e 24. Así mesmo acordouse a modificación da praza concedida número 348 pola 373.

11.2.- Acordouse outorgar as concesións de parcelas para a construción de sepulturas A-2016-15, A-2016-16, A-2016-17, A-2016-18 e A-2016-19.

11.3.- Declarouse o **incumprimento por parte da “Entidade Urbanística de Xestión Área de Reparto 16 do PXOM de Lalín”**, das obrigas asumidas respecto da completa execución da urbanización da dita AR-16, e acordouse a execución subsidiaria das ditas obrigas polo Concello e pola súa conta, cuantificando provisionalmente o dito incumprimento en 8.666,82 €.

11.4.- Acordouse a **alta no servizo de préstamo de camas articuladas** para a persoa beneficiaria por agravamento da saúde.

11.5.- Acordouse aprobar a ampliación horaria do **servizo de axuda no fogar** no marco do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD), para persoa beneficiaria, e aprobar a baixa no servizo de axuda no fogar no marco do sistema para a autonomía persoal e a atención a dependencia (SAAD) por pasamento para persoa beneficiaria.

11.6.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 56,29 €.

11.7.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza**, correspondente ao mes de AGOSTO de 2016, por importe total de 763,16 €. Así mesmo aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, prestado durante o mes de AGOSTO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.746,30 €.

11.8.- Acordouse aprobar 75 liquidacións en concepto de prezo público pola **prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia**, correspondente ao mes de AGOSTO de 2016 por importe total de 7.794,58 €. Así mesmo, acordouse aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de AGOSTO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 32.393,62 €.

11.9.- Acordouse aprobar a proposta e conceder as axudas destinadas a

cofinanciar a celebración de **festas parroquiais para o ano 2016** á relación de persoas solicitantes, e denegar a concesión das axudas a un dos solicitante por non cumprir cos requisitos esixidos.

12.- CORRECCIÓN DE ERROS.

12.1.- Acordouse **corrixir o erro** acaecido no informe do técnico de obras públicas de data 04/05/2016, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de maio de 2016 (punto 4.1 da acta – informe previos.

12.2.- Acordouse **corrixir o erro** acaecido no informe do técnico de obras públicas de data 04/05/2016, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2016 (punto 4.1 da acta – informe previos.

12.3.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 5 de setembro de 2016, no punto 8.8.

12.4.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xullo de 2016 no punto 13.1 que corruxía un erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do día 27 de xuño de 2016 no punto 7.2.

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Concedeuse **autorización municipal** para o uso das instalacións do pavillón polideportivo do centro os xoves dende as 16:35 ás 18:00 horas, para realizar actividades extraescolares.

13.2.- Concedeuse **autorización municipal** para o uso do salón teatro do Auditorio Municipal os xoves de todo o ano dende outubro de 2016 ata o 16 de xuño de 2017 de 18:00 horas ás 22:00 horas (Clases de gaita e percusión) e os sábados de 11:00 a 14 horas (Clases de Canto e baile tradicional).

13.3.- Concedeuse **autorización municipal** para o uso do Albergue Xuvenil “Vicente Agullo” de Mouriscade co obxecto de aloxarse 30 xoves de entre 18 e 35 anos para a realización dunha iniciativa Xove dende o 16 de setembro ao 18 de setembro de 2016.

13.4.- Acordouse conceder **autorización municipal** para pernoctar en

Lalín no pavillón municipal un grupo de 90 persoas incluíndo monitores, profesores e equipo de pastoral, para as noites do 9-10 e 10-11 de outubro de 2016.

13.5.- Acordouse **remitir o escrito á entidade competente**, Retegal, para que adopte as medidas necesarias para garantir adecuadamente as sinais de (TDT) ante o escrito presentado pola Comunidade de Propietarios do edificio “A MINA” con domicilio na rúa Álvaro Cunqueiro, núm. 11, 3º D, de data 9 de setembro de 2016.
